


Public. 2930

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

MEMORIA 1993

MARCO XERAL



As liñas prioritarias da Biblioteca Universitaria en 1993 gardaron relación con algúns dos seus proxectos postos en marcha en anos anteriores -a automatización da BUSC, a cooperación con outras unidades bibliotecarias- e con novos proxectos cara á mellora da súa estrutura e instalacións, así coma estudos co fin de potencia-lo mellor aproveitamento dos seus recursos económicos.

Automatización

Neste ano rematouse a automatización dos catálogos de tódalas Bibliotecas de Centros do Campus Sur que iniciaran a súa automatización en abril de 1992: Bioloxía, Farmacia, Filosofía e Ciencias da Educación e Psicoloxía, Física e Optica, Matemáticas e Química. Este conxunto de Bibliotecas conta na actualidade con 73.000 rexistros catalográficos automatizados, tódolos fondos bibliográficos que posúen. Esta base de datos, aínda que pendente dalgunhas tarefas de unificación e corrección de índices, permitiu que en Novembro poidera poñerse en marcha a automatización do servizo de préstamo, así coma poñer a disposición dos usuarios os catálogos en liña das diversas bibliotecas.

Así mesmo en 1993 realizáronse os traballos preparatorios para a reconversión dos catálogos manuais das Bibliotecas das Facultades de Filoloxía e Xeografía e Historia, dúas das Bibliotecas con máis volumen de fondos desta Universidade. A fins de ano estaba pendente a resolución do concurso de licitación por un importe máximo de 50.500.000 ptas., estando prevista a súa finalización en Outubro de 1994. Mentras tanto, a Biblioteca de Filoloxía segue a te-la súa propia base de datos cos fondos de nova adquisición sobre un ordenador persoal, contando a fins de ano con 6.811 rexistros.

Na Biblioteca Xeral continuou a introducción dos fondos de nova adquisición, sen abordarse ningún novo traballo de reconversión contratado externamente con recursos propios da Universidade, dado que é decisión da Dirección da BUSC volcarse nestas primeiras fases na constitución da base de datos catalográfica daqueles Centros que posúen coleccións con menor control bibliográfico ou con maior potencial de interese interdisciplinar. Pese a isto, co seu persoal propio a Biblioteca Xeral puido aborda-la reconversión do seu catálogo manual de artigos de revistas galegas, estando xa integrados os 10.000 rexistros que o constituían na base de datos de Galicia.

Por outra parte, a Comisión de Patrimonio do Parlamento de Galicia financiou á Universidade de Santiago a realización da automatización da Biblioteca da Real Sociedade Económica de Santiago, biblioteca depositada na Biblioteca Xeral e constituída aproximadamente por 8.000 unidades bibliográficas de grande interese para os estudos galegos. Este proxecto, financiado con 7.000.000 ptas., está previsto que finalice en maio de 1994.

No seu conxunto as tres instalacións existentes neste momento (Campus Sur, Biblioteca Xeral e Biblioteca da Facultade de Filoloxía) contan a fins de 1993 con 140.236 rexistros bibliográficos en soporte informático. Está previsto que en 1994 as tres instalacións se refundan nun so catálogo sobre un so ordenador, quedando accesible o conxunto da base de datos dende calquera punto bibliotecario a través do sistema de comunicacións da Universidade. Neste senso en 1993 a BUSC realizou un estudio sobre as necesidades de equipamento informático para dar servizo a tódalas súas unidades, prevéndose así mesmo a instalación dun sistema de CD-ROMs en rede, de tal xeito que dende tódalas pantallas instaladas nas zonas de investigadores das Bibliotecas, é previsiblemente no futuro dende os Departamentos, se poda acceder a través dun ordenador persoal ó mesmo tempo ás bases de datos en CD-ROM e ó catálogo da BUSC.

En xuño de 1993 iniciouse con persoal dirixido polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade a tradución ó galego do Répertoire de vedettes-matière de l'Université Laval, con obxecto de que no futuro a base de datos bibliográfica da BUSC poda ser consultada en galego, español, inglés e francés.

En 1993 adquiriuse tamén unha aplicación denominada SOD para a xestión automatizada do préstamo interbibliotecario.

Cooperación e redes

A BUSC seguiu a levar adiante actividades de cooperación con moitas bibliotecas, xa que é esta hoxe un requisito imprescindible para poder cumprilos seus obxectivos e a base dalgúns dos seus servizos, coma o préstamo interbibliotecario.

Neste campo hai que destacar moi especialmente o Convenio asinado en Setembro coas Universidades de A Coruña e Vigo para a realización do

préstamo interbibliotecario. Os departamentos de préstamo interbibliotecario e fotodocumentación da Biblioteca Xeral seguirán a realiza-lo servicio para as Universidades galegas, pero estas aportan a contratación dun auxiliar administrativo, téndose acordado a un tempo unhas normas que racionalicen a xestión.

A BUSC colaborou co IDEGA na elaboración do proxecto do Curso de Postgrao **A xestión da Información na Universidade e na Empresa**, que comezou a impartirse en Novembro de 1993 e finalizará en Maio de 1994. Este Curso composto por 23 créditos e ó que asisten 25 alumnos, está en grande parte impartido por persoal da BUSC e docentes desta Universidade.

A BUSC seguiu a participar nos traballos das redes REBIUN e DOCUMAT.

En 1993 ingresaron en REBIUN coma novos membros a Biblioteca da Universitat Rovira i Virgili e a Biblioteca da Universitat de Girona. As actividades da rede neste ano foron especialmente dirixidas a perfecciona-lo catálogo en CD-ROM, elaborando un software de detección de duplicados, e a realiza-las primeiras experiencias de correo electrónico para o préstamo interbibliotecario entre as bibliotecas universitarias de Cantabria, Central e Politécnica de Barcelona.

Dentro das actividades da rede DOCUMAT hai que destaca-la edición de **Quienmat**, directorio de matemáticos españois, tamén accesible en liña.

Estructura

No proxecto de avanzar cara a unidades bibliotecarias menos dispersas que permitan unha mellor rendabilidade dos investimentos e mellora-los servicios bibliotecarios ofertando maiores horas de apertura en instalacións máis acordes ás actuais necesidades de información, en Novembro de 1993 presentouse o proxecto de construción dunha Biblioteca Intercentros no Campus de Lugo. Esta Biblioteca contará con 8.354 m² e capacidade para 1.400 postos de lectura e 150.000 libros. Unha reprodución da maqueta do futuro edificio destinado á Biblioteca pode verse ó final deste apartado.


Tamén neste ano seguironse a levar adiante actividades cara á construción dunha Biblioteca Intercentros para as Facultades de Dereito, Ciencias Políticas

e EU de Graduados Sociais. A fins de ano a elaboración dun proxecto arquitectónico estaba en mans dun estudio de arquitectos.

Subcomisión de Publicacións periódicas


Ante os graves problemas que están a supoñer á BUSC os incrementos nos custos das revistas, a Comisión da BUSC elixiu unha Subcomisión para estudar as posibles vías de actuación no campo das suscripcións. O departamento de Publicacións Periódicas da Biblioteca Xeral realizou un estudio económico da evolución do custo de cada suscripción dende 1990 a 1993, estudio que se entregou a tódolos membros da Subcomisión, xunto cunha relación dos investimentos feitos para a duplicación de títulos entre os Campus de Santiago e Lugo, e cun listado de tódalas suscripcións realizadas na Universidade de Santiago, indicando os presupostos con que se financian (presuposto da BUSC, presupostos de Departamentos, Proxectos de investigación, etc.). Un resumo da evolución dos investimentos en publicacións periódicas pode verse no cadro e gráficos seguintes:

	1.990	1.991	1.992	1993
BX	4.306.362	6.351.052	5.699.242	6.406.568
Bioloxía	4.568.675	12.274.772	11.064.216	11.849.440
Económicas	3.069.849	875.183	6.550.997	4.488.448
Dereito e Pol.	4.838.553	5.639.967	5.577.305	8.837.627
Farmacia	8.705.206	11.041.100	12.111.162	14.504.565
Filoloxía	2.731.486	2.875.447	3.065.437	4.134.500
Filos. e Ps.	3.725.736	4.839.851	5.218.562	6.188.904
Física e Opt.	10.369.253	14.189.966	15.323.030	20.852.598
Xeogr. e CCI.	1.013.881	3.149.657	3.388.174	3.428.665
Matemáticas	8.792.246	12.090.354	13.917.454	15.925.841
Medicina	13.206.809	14.670.162	15.627.811	20.506.230
Química	10.523.830	13.546.726	15.477.930	19.717.735
Veterinaria	2.566.025	6.735.623	5.930.843	7.286.765
Politécnica	1.229.085	2.741.935	2.544.654	3.132.359
Observatorio	749.398	799.837	842.591	1.264.406
CCs. e Humanidades	897.724	3.324.041	3.402.414	3.897.283
EXB Lugo	380.677	877.464	620.165	77.747
EXB Santiago	228.955	1.014.325	807.941	795.118
Empresariais	248.532	603.445	665.123	812.055
Enfermería	186.850	213.719	207.203	292.622
ICE	250.062	291.174	257.626	395.169
TOTAL	82.589.194	118.145.800	128.299.880	154.794.645



Este estudio permitiu observar á BUSC as diferencias de precios en suscripcións do mesmo título realizadas con distintos provedores. A primeira medida cara a reducir custos vai ser pois intentar unha maior redución no número de provedores.

Esta medida non implica que sexa posible deixa-los traballos encamiñados a conte-los investimentos en revistas, pero tende a reduci-la inmediatez de ter que proceder a cancelacións, xunto coa existencia dunha remanente presupostaria na transferencia do fondo de solidariedade e unhas mellores perspectivas presupostarias para 1994 (Véxase Capítulo de Presuposto).



PRESUPOSTO

O presuposto ordinario aprobado pola Xunta de Goberno da Universidade para a BUSC en 1993 foi de 219.128.000 ptas., distribuidos do seguinte xeito:

Capítulo 2: 19.128.000 ptas.

Capítulo 6: 200.000.000 ptas.

A Xunta de Goberno acordou tamén suplementar estes créditos con recursos do fondo de solidariedade, co fin de poder facer fronte os custos das publicacións periódicas. Así este presuposto incrementouse con 25.000.000 ptas. No mes de Outubro os créditos destinados á adquisición de monografías foron suplementados cun crédito extraordinario de 23.000.000 ptas. Con estas aportacións os recursos económicos de que dispuxo a BUSC no ano 1993 foron os seguintes:

Capítulo 2: 19.128.000 ptas.

Capítulo 6: 248.000.000 ptas.

Total: **267.128.000** ptas.

En relación a 1992 este presuposto supuxo un incremento do 35,59 %, o que permitiu recupera-lo forte descenso presupostario do ano anterior, supoñendo o presuposto de 1993 un incremento do 2,34% sobre o presuposto de 1991. Se os índices comparados son os investimentos na adquisición de libros e publicacións periódicas, o incremento presupostario de 1993 supón o 14,28% sobre 1991 e o 37,77% sobre 1992. Estes datos permiten ver claramente que a diminución presupostaria afectou fundamentalmente os créditos de funcionamento, mantemento e equipamento da BUSC, aínda que se mantén a perda de poder adquisitivo da BUSC na adquisición de monografías, polos incrementos dos custos da información bibliográfica especialmente nas publicacións periódicas.

Ademáis a Xunta de Goberno da Universidade informou favorablemente neste ano un investimento de 50.500.000 ptas do fondo de solidariedade para a automatización dos catálogos manuais das Bibliotecas de Xeografía e Historia e Filoloxía.

O presuposto de 1993 distribuíuse de acordo ós criterios aprobados pola Xunta de Goberno, a proposta da Comisión da BUSC, baseándose esta nos

mesmos criterios que veñen sendo empregados dende 1987 : separación dun crédito central para publicacións periódicas, establecemento dunha base presupostaria para a adquisición de monografías en función da experimentalidade/ non experimentalidade dos Centros, número de alumnos, número de profesores con adicación exclusiva no Centro e que desenvolven nel a súa investigación, etc.

A partida dedicada a publicacións periódicas foi de 144.000.000 ptas. sobre o crédito ordinario, suplementada con 25.000.000 ptas., sendo o total de 169.000.000 ptas. (incremento do 35,2% sobre 1992). A fins de ano a facturación correspondente o pago das revistas foi de 154.794.645 ptas.(incremento do 20,65% sobre os custos de 1992 e o 62,16% do presuposto da BUSC para adquisicións bibliográficas), restando sen pagar as suscripcións correspondentes á Facultade de Ciencias da Información, que non decidiu ata principios de 1994 os títulos definitivos que recibirá.

A cantidade restante no Capítulo 6, 79.000.000 ptas., destinouse á adquisición de libros (incremento do 43,63% sobre 1992 e o 31,85% do presuposto da BUSC para adquisicións bibliográficas).

A distribución do crédito ordinario fíxose incrementando o 10% as bases de cada Centro, o que supuxo unha dotación base de 485.833 ptas. para as Bibliotecas de Facultades Experimentais, 971.176 ptas. para as Bibliotecas de Facultades non Experimentais, e 182.187 ptas. para as Bibliotecas de Escolas Universitarias.

Incrementáronse un 7% as cantidades asignadas a ano anterior á Biblioteca Xeral(12.198.000 ptas.) e Alumnos (8.560.000 ptas.).


Os fondos destinados a libros de alumnos distribuíronse de acordo ó cómputo seguinte:

- Os primeiros 1.000 alumnos multiplican por 1
- Os alumnos entre 1.000 e 2.000 multiplican por 0,5
- Os alumnos que sobrepasen os 2.000 multiplican por 0,33

O resto, 20.671.423 ptas., distribuíuse para libros de investigación de acordo a proporción 60-30-10 correspondente a Centros non Experimentais, Experimentais e Escolas Universitarias en función do número de profesores con adicación exclusiva no Centro, según o seguinte cómputo:

- Os primeiros 50 profesores contabilizan todos
- Entre 50 e 75 profesores contabilizan o 75%
- O número de profesores superior a 75, contabiliza o 50%

De acordo a estes mesmos criterios distribuíse o crédito extraordinario a fins de ano. Un desglose dos créditos totais correspondentes ás adquisicións bibliográficas de cada Biblioteca pode verse a na taboa final deste capítulo, así coma o seu índice de participación no presuposto da BUSC para libros e revistas no gráfico seguinte:



O presuposto asignado no Capítulo 2 supuxo un incremento do 12% sobre a cantidade asignada en 1992. A Comisión da BUSC considerou excesivamente exixiuo este presuposto, e barallou diversos criterios para a súa distribución, aínda que o fin a proposta realizada fíxose engadindo o incremento do 12% ás cantidades de cada Biblioteca no ano anterior, que tiña en conta o tamaño de cada Biblioteca, así como o seu carácter de Biblioteca Intercentro, Facultade ou Escola Universitaria. A escala correspondente a 1993 foi de 851.200 ptas., 806.400 ptas., 649.600 ptas, 627.200 ptas, 560.000 ptas. e 240.400 ptas. Un desglose por Bibliotecas, así coma o conxunto dos créditos da BUSC pode verse na taboa seguinte:

Centros	Capítulo 2	Publicacións periódicas	Monografías	Total adquisicións	Total presuposto
BX	7.929.600	6.406.568	17.207.400	23.613.968	31.543.568
Bioloxía	627.200	11.849.440	2.361.240	14.210.680	14.837.880
Económicas	806.400	4.488.448	5.325.826	9.814.274	10.620.674
Dereito e Pol.	851.200	8.837.627	6.962.465	15.800.092	16.651.292
Farmacia	806.400	14.504.565	2.782.346	17.286.911	18.093.311
Filoloxía	806.400	4.134.500	6.163.457	10.297.957	11.104.357
Filos. e Ps.	851.200	6.188.904	7.878.047	14.066.951	14.918.151
Física e Opt.	649.600	20.852.598	2.717.981	23.570.579	24.220.179
Xeogr. e CCl.	851.200	3.428.665	6.466.375	9.895.040	10.746.240
Matemáticas	806.400	15.925.841	2.205.018	18.130.859	18.937.259
Medicina	806.400	20.506.230	2.857.771	23.364.001	24.170.401
Química	627.200	19.717.735	2.301.629	22.019.364	22.646.564
Veterinaria	627.200	7.286.765	2.143.126	9.429.891	10.057.091
Politécnica	560.000	3.132.359	3.502.848	6.635.207	7.195.207
CCs. e Humanidades	560.000	3.897.283	3.899.284	7.796.567	8.356.567
EXB Lugo	240.400	77.747	984.001	1.061.748	1.302.148
EXB Santiago	240.400	795.118	1.423.677	2.218.795	2.459.195
Empresariais	240.400	812.055	1.055.311	1.867.366	2.107.766

Ademáis destes presupostos, ordinario e extraordinario, as distintas Bibliotecas investiron créditos correspondentes a presupostos de Centros, Departamentos, Proxectos de Investigación e Axudas para Infraestrutura bibliográfica da Xunta de Galicia. Os investimentos realizados en adquisicións bibliográficas con estes presupostos foron no conxunto da BUSC de 48.504.804, mentras que foron de 4.156.053 no Capítulo 2.

Se a estes investimentos lle sumamos os realizados polo Vicerrectorado de Asuntos Económicos en equipamento de Bibliotecas, o conxunto de recursos disponibles na BUSC en 1993, incluíndo os adicados a automatización (14.966.254 ptas.), foi de 335.259.286 ptas.

PERSOAL

A finais de 1993 a BUSC contaba co seguinte persoal:

- Escala Facultativa de Arquivos e Bibliotecas: 5
- Técnico de Documentación Informática: 1
- Escala de Axudantes de Bibliotecas: 39
- Contratos de obra: 19
- Auxiliares administrativos: 4
- Auxiliares Técnicos de Bibliotecas: 76
- Porteiro Maior : 1
- Auxiliares de Servicios. Area de Conserxería: 2

Coma ven sendo habitual tódolos anos, houbo un importante número de baixas e incorporacións, moitos delas temporais, cambeos de destinos, etc. cos conseguintes problemas derivados da integración continua de persoal nos servicios.

En xaneiro deste ano cesou por xubilación a funcionaria da Escala Facultativa de Arquivistas e Bibliotecarios, Directora da BUSC, Dna. Daría Vilariño Pintos, téndolle sido outorgada a medalla de ouro da Universidade en recoñecemento dos seus servicios á institución.

Entre o cadro de Axudantes de A.B.M., auxiliares administrativos e auxiliares técnicos de bibliotecas, deixaron de presta-los seus servicios nesta Biblioteca:

- Dna. Ma. Jesús Salgado Nuñez, por excedencia voluntaria
- Dna. Isabel Tovar Bobo, en comisión de servicios na Xunta de Galicia
- Dna. Rosario Rodriguez Treitero, por traslado á Universidad de Jaen
- D. Isidoro Castaño, por traslado ó Servicio de Publicacións
- Dna. Carmen Barcia García, por traslado á Unidade de Matriculación do Campus Norte

A todos eles agradecemoslle a súa colaboración nas tarefas da BUSC.

Incorporáronse ó cadro de persoal:

- Dna. Teresa López Martínez, auxiliar administrativo
- Dna. Ana Ma. de Dios Parada, contratada a tempo parcial para a apertura da BX os sábados.

-Dna. Ma. Josefa Piñón López, contratada a tempo parcial para a apertura da BX os sábados.

Para a realización de traballos de traducción, en xuño de 1993 comezaron os seus traballos na Biblioteca as becarias do Servicio de Normalización Lingüística: Dna. Ana Rodiño Domínguez e Dna. Mercedes Buño Vázquez.

Neste ano tivo lugar a realización das probas selectivas para o ingreso na Escala de Axudantes de A.B.e M., aínda que a fins de ano non se tiña incorporado o persoal procedente do concurso-oposición.

O persoal da BUSC participou en 1993 en diversas actividades de formación, ben coma docentes ou coma asistentes ó mesmo.

En marzo deste ano a Universidade celebrou un Curso de preparación para as probas selectivas de ingreso na Escala de Axudantes de A.B. e M. destinado ó persoal contratado e interino da BUSC. Este Curso foi impartido polo Xefe de Sección da BUSC, D. Miguel Angel Aller, e a bibliotecaria de Bioloxía, Dna. Tránsito Ferreras Fernández.

No mes de xulio asistiron ó Curso de Rebiun sobre Telemática e Bibliotecas, no marco dos Cursos de Verán da Universidade de Cantabria, Dna Pilar González Novoa, Xefa da Sección de Procesos Técnicos da BUSC, D. Manuel Facal Casado, Xefe de Negociado de Adquisicións da BX, e D. Xosé Manuel Regos, Director da Biblioteca da Facultade de Química.

En agosto asistiu ó Congreso da Asociación Internacional de Bibliotecas Jurídicas Dna. Juana López Anglada, Dra. da Biblioteca das Facultades de Dereito, Ciencias Políticas e EU de Graduados Sociais.

En outubro tivo lugar na BX un Curso sobre o módulo de préstamo do sistema SABINI, impartido por persoal desta empresa a tódolos Directores e persoal auxiliar técnico das Bibliotecas automatizadas do Campus Sur.

Neste mesmo mes, convocados pola Xerencia, tiveron lugar diversos Cursos de formación sobre Atención ó público, Informática a nivel de usuario e Mantemento, ós que asistiron diversos Auxiliares técnicos de bibliotecas.

En 1992 o Ministerio de Cultura outorgara unha bolsa para a realización dunha viaxe de estudos a centros bibliotecarios de Bélxica a Dna. Pilar González Nóvoa, Xefa da Sección de Procesos Técnicos da BUSC. Esta viaxe

realizouse en maio de 1993 visitando a rede de Bibliotecas da Comunidade flamenca.

En xuño deste ano a Subdirectora Técnica da BUSC, Dna. Concepción Varela Orol, foi invitada xunto con outros membros da Conferencia de Directores de REBIUN a visitar a Biblioteca Universitaria de Tilburg (Holanda), así como á realización dunha sesión de traballo con membros da rede de bibliotecas holandesas PICA.

A Xunta Técnica da BUSC nas súas xuntanzas de 1993 considerou do máximo interese potencia-la formación profesional dos bibliotecarios, elaborando un programa de cursos de formación con obxecto de propoñe-lo á Xerencia da Universidade para a súa realización en 1994.

INSTALACIONES E EQUIPAMENTO

Neste ano as reformas nas instalacións afectaron fundamentalmente a 2 Bibliotecas, as da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e a Biblioteca da EU de Formación do Profesorado de EXB en Lugo. Ambas permitiron melloras na marcha dos servicios, aínda que non supoñen incrementos considerables no número de postos de lectura.

A reforma nas instalacións de Ciencias Económicas e Empresariais racionaliza a circulación entre os distintos espacios da Biblioteca, comunicando a Hemeroteca co vestíbulo da Biblioteca e deixando preparado o futuro acceso ó actual depósito, co que unha vez automatizados e resignaturizados ós fondos poderá establecerse o acceso directo destes para profesores, investigadores e alumnos do terceiro ciclo. As novas instalacións desta Biblioteca permiten tamén pasar a colección de manuais e obras de uso frecuente á sala de lectura.

A Dirección da BUSC elaborou as especificacións funcionais para o novo edificio de Biblioteca Intercentros no Campus de Lugo, e xunto co Vicerrectorado de Asuntos Económicos, o persoal das bibliotecas do Campus de Lugo e o arquitecto encargado do proxecto, D. Santiago Catalan, revisáronse as propostas e posibles solucións para o mellor funcionamento futuro desta Biblioteca.

Así mesmo elaboráronse as especificacións funcionais para a construción dun edificio que albergue a Biblioteca Intercentros de Dereito, Ciencias Políticas e Graduados Sociais.

Os investimentos realizados en equipamentos das Bibliotecas foron realizados polo Vicerrectorado de Asuntos Económicos de acordo á proposta aprobada pola Comisión da BUSC. Así se adquiriu o mobiliario das novas instalacións da Biblioteca da EU de Formación do Profesorado de EXB, por importe de 3.080.228 ptas., e 4 máquinas fotocopadoras con destino ás bibliotecas de Farmacia, Física, Medicina e Química por importe de 1.580.000 ptas.

A fins de ano estaba pendente a adquisición de parte das estanterías destinadas ás Bibliotecas de Farmacia e Matemáticas, así coma unha ampliación do número de fotocopadoras adquiridas para ás Bibliotecas de Xeografía e Historia e Filoloxía.

DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

En 1993 a BUSC adquiriu 24.527 títulos de monografías cos investimentos do seu presuposto, dos presupostos de Departamentos, Proxectos de Investigación, Axudas para Infraestrutura Bibliográfica da Xunta de Galicia, donativos e intercambios. Aínda que este número de títulos supón unha diminución nos ingresos de 3.284 títulos respecto a 1992, por compra diminuíron soamente 2.799, e tódalas bibliotecas tiveron remanentes nas aplicacións do capítulo 6, dado que o crédito extraordinario distribuíuse en Novembro. Según os datos proporcionados polo Servicio de Contabilidade a suma das remanentes das aplicacións das Bibliotecas para adquisición de libros importaban a fin de ano 30.127.761 ptas.

Unha análise por campus xeográficos e tipos de adquisición indica:

Biblioteca Xeral

Por compra: 1.914 títulos

Por donativo: 2.337 títulos

Por Intercambio: 187 títulos

Por Depósito Legal: 791 títulos

TOTAL: 5.229 títulos

Ingresaron tamén nesta Biblioteca fondos antigos e anticuados procedentes de expurgos de Bibliotecas de Centros, dos que quedaron integrados 357 títulos.

Deste conxunto de títulos 2.470 ingresaron na Sección de Galicia, destacando entre eles 2 obras do século XVII (Relaçam da entrada que fizeram en Galliza os Governadores das armas da provincia de entre Douro e Minho; Memorial Sotomayor Pimentel), e a primeira edición de As cruces de pedra na Galicia de Castelao.

A Biblioteca América, que ata este ano incrementaba as súas coleccións soamente con fondos procedentes de donativos, comezou a ingresar fondos procedentes de compra, facendose especial fincapé nas coleccións referidas a movementos migratorios e interdependencia socio-cultural.

A Sección de Información bibliográfica e referencia seguiu a completar catálogos en publicación de importantes bibliotecas, como o Catálogo da British Library, e outras obras de referencia, coma IBN : Index

Bibliographicus Notorum Hominorum, e adquiriu outros que veñen de ser editados coma o catálogo en CD-ROM da Biblioteca da Universidade Autónoma de México, ou o CD-Rom Bibliotecas sin fronteras que reúne fondos americanistas das principais coleccións en bibliotecas españolas e en Bibliotecas Nacionais dos países hispanoamericanos.

Entre os fondos xerais cabe destacar Spanish Civil War Collection, que reproduce en microfilm 2.225 unidades da colección que sobre este período histórico conserva a San Diego Library da University of California, e que ten a súa base na Herbert Rutledge Southworth Collection.

A Biblioteca recibiu tamén un legado da familia Tobio, constituído por 3.310 títulos, dos que se realizou o correspondente inventario.

Bibliotecas de Centros do Campus de Santiago

-Por compra: 11.187 títulos

-Por intercambio: 2.582 títulos

-Por donativo: 2.362 títulos

TOTAL: 16.131 títulos

Bibliotecas de Centros do Campus de Lugo


-Por compra: 2.480 títulos

-Por intercambio: 28 títulos

-Por donativo: 659 títulos

TOTAL: 3.167 títulos

Un desglose dos fondos adquiridos por compra é o seguinte:



As coleccións de **publicacións periódicas** da BU incrementáronse con fascículos de 6.688 títulos de revistas en curso. De estes títulos 3.790 foron adquiridos co presuposto centralizado da BUSC, 748 con outros presupostos, 904 obtiveronse por intercambio e 1.238 por doazón. Un desglose destas adquisicións por bibliotecas pode verse na taboa seguinte:

	P. centralizado	Intercambio	Doazón	Outros ptos.	TOTAL
BX	121	95	267	54	537
Bioloxía	136	136	47	33	352
Económicas	334	10	211	9	564
Dereito e Pol.	480	44	60	132	716
Farmacia	241	44	60	17	362
Filoloxía	367	132	93	164	756
Filos. e Ps.	283	82	59	57	481
Física e Opt.	192	7	9	26	234
Xeogr. e CCl.	348	217	91	154	810
Matemáticas	244	34	21	10	309
Medicina	296	10	71	1	378
Química	160	19	23	18	220
Veterinaria	95	3	24	12	134
Politécnica	103	1	17	4	125
Observatorio	21	0	46	2	69
CCs. e Humanidades	127	6	53	6	192
EXB Lugo	61	0	5	3	69
EXB Santiago	84	63	42	8	197
Empresariais	48	0	9	0	57
Enfermería	19	0	6	0	25
ICE	30	1	32	38	101

Adquiríronse coleccións retrospectivas de publicacións periódicas, ata un total de 98 títulos. Na Biblioteca Xeral ingresaron: La Epoca (1870-1936), El Debate (1915,1917-1936), Mundo (1940), El Imparcial (1870-1933), todos eles adquiridos cunha Axuda para Infraestrutura Bibliográfica da Xunta de Galicia; Galicia (Buenos Aires : Federación de Sociedades Gallegas,1931-1941), e Les Temps Modernes (1945-1990).

A Biblioteca Xeral xestionou así mesmo a adquisición gratuita de diversos fascículos que incrementan os fondos de revistas xa existentes na BUSC. Recibíronse de este xeito 262 fascículos correspondentes a 90 títulos procedentes das Bibliotecas seguintes: Universitaria de A Coruña,

Universitaria de Sevilla, Universitaria de Cantabria, Universidad Complutense de Madrid, UNED, Universitat Rovira i Virgili, Universitaria de Alcalá, Universitaria de Oviedo, Universitaria de Valladolid, Universitat Pompeu Fabra, Universitaria de Salamanca e Universitat de Barcelona.

Pola súa parte a BUSC enviou 410 fascículos duplicados correspondentes a 120 títulos ás Bibliotecas seguintes: Universitaria de A Coruña, Universitaria de Vigo, Complutense de Madrid, Universitaria de Alcalá, Universitaria de Sevilla, Universitat Rovira i Virgili, Universitaria de Cantabria, UNED, Universitat de Barcelona, Universitaria do País Vasco, e Universitaria de Oviedo.

En canto ó mantemento das coleccións, actividade especialmente importante na Biblioteca Xeral dados os seus fondos antigos e históricos, continuouse a microfilmación da prensa histórica de Galicia, programa iniciado en 1989. No ano 1993 microfilmouse El Compostelano (1932-1946), La Noche (1946-1959), a publicación Galicia en Loita (1974-1991), así coma 36 monografías dos seus fondos históricos solicitadas por diversos usuarios.

ORGANIZACION E PROCESOS TECNICOS

No ano 1993 procesáronse por parte do persoal da BUSC 25.692 monografías. A maioría das Bibliotecas de Centros catalogaron, pois, tódolos libros ingresados, ou restaban a fins de ano cantidades inferiores a 50 títulos sen procesar. Algunhas bibliotecas procesaron máis dos libros ingresados : Ciencias Económicas, Filoloxía, Xeografía e Historia, Matemáticas, Química, Ciencias e Humanidades, EXB de Santiago e Empresariais de Lugo. Estas bibliotecas seguen asumindo bolsas de fondos de anos anteriores que estaban sen procesar, o que resulta un aspecto positivo cara o control bibliográfico, pero relacionase tamén coa diminución dos ingresos de fondos.

É a Biblioteca Xeral a que ten neste momento maiores problemas con asumi-los seus ingresos, debido a varios feitos: a) na base de datos de Galicia non só se inclúe a catalogación das unidades bibliográficas, senon tamén a catalogación analítica de partes de libros e artigos de revistas, b) a BX está a recibir un número importante de fondos procedentes de expurgos realizados nas bibliotecas ben de documentación obsoleta (caso dos fondos procedentes das bibliotecas de Ciencias que automatizaron os seus catálogos), ben de documentación de baixo uso que é preciso expurgar nos Centros por razóns de espazo (transferencias de fondos da Biblioteca de EXB de Santiago). c) a BX recibiu neste ano o xa sinalado legado constituído por 3.310 títulos, os que hai que engadir importantes doazóns realizadas no ano 1992 para a Biblioteca América e que aínda non puideron integrarse totalmente nas súas coleccións.

A empresa que realiza a catalogación orixinal, Gabinete de Asesores Documentalistas, realizou 12.769 rexistros bibliográficos.

As bibliotecas en proceso de automatización comezaron tamen neste ano a preparación dos seus fondos para o servizo de préstamo, equipando con etiquetas con códigos de barras ós fondos que carecen deles (fundamentalmente os fondos incluídos nos catálogos reconvertidos) e gravando estes códigos nos rexistros bibliográficos correspondentes. Ó mesmo tempo, as bibliotecas de Ciencias iniciaron unha resignaturización dos fondos

retrospectivos xa automatizados, de acordo ó sistema de signaturas que se tiña elaborado o ano anterior.

Na BX, que é a única da que se posúen datos de ingresos de publicacións periódicas por unidades físicas, ingresaron 17.713 unidades, das que 974 foron de prensa diaria, 2.969 fascículos de publicacións oficiais, 1.834 fascículos de revistas galegas, 2.801 fascículos de revistas españolas, 1.135 fascículos de revistas extranxeiras, 165 fascículos de revistas da Biblioteca América, 7.213 microfichas, 562 unidades de microfilm e 60 entregas de CD-ROMs.

O departamento de publicacións periódicas, ademáis do rexistro destas unidades e da catalogación de 317 novos títulos, realizou a catalogación analítica de 3.691 artigos de revistas referidos e/ou editados en Galicia, que pasaron a integrar a base de datos de Galicia. Destes 3.691 artigos, 3.198 corresponderon a títulos de revistas galegas, mentras que 493 estaban publicados en revistas españolas ou estranxeiras.

No ano 1993 interrompiuse o vaciado de fondos retrospectivos de Galicia, debido ós traballos realizados para a reconversión dos catálogos manuais de artigos. Pese a isto, foi posible aborda-lo rexistro pormenorizado dalgúns periódicos galegos, nos que ata agora o rexistro existente non especificaba con exactitude os números e datas da colección. Estes periódicos foron os seguintes: Diario de Santiago, Pensamiento gallego, Alcance, Correo de Galicia, Diario de Galicia, Gaceta de Galicia, Noticiero gallego, Pensamiento de Galicia, e Eco de Santiago.

SERVICIOS

Dado que a BUSC está levando adiante importantes e voluminosos traballos de organización e procesos, ó mesmo tempo que intenta ofertar a máxima calidade posible nos servicios, a avaliación dos servicios terá que ser un obxectivo a desenvolver nos anos vindeiros, organizando sistemas de control máis sofisticados e coordinados que os que existen ata este momento. Polo tanto os datos indicados a continuación, serán en moitos casos matizados na propia Memoria.

As demandas de consulta dos usuarios sobre os fondos propios da BUSC en 1993 foron 548.127, o que supón un incremento do 9,65% sobre 1992. Destas demandas cubríronse 458.644, o que supoñería o 83,67% das demandas. Estas cifras, sen embargo, deben analizarse tendo en conta 2 feitos:

- a) As demandas de fondos reseñadas son só aquelas das que se ten constancia. A disposición dos fondos en acceso directo fai que os usuarios non expliciten demandas sobre os fondos que xa saben que están emprestados, ou que non atopan nas estanterías.
- b) Os datos relativos ás consultas en acceso directo son estimacións dos bibliotecarios, tendo en conta os formularios de control estatístico que as bibliotecas poñen a disposición dos usuarios co fin de que contribúan o control estatístico, os artigos de revistas fotocopiados, etc. En xeral, teñen un carácter á baixa (usuarios que non cubren os formularios, etc.). En moitos casos, coma pode verse no cadro seguinte os bibliotecarios non se atreven a facer estimacións.

	Fondos servidos	Fondos solicitados	Acceso directo	Total consultas
BX	13090	13366	0	13090
Bioloxía	7295	7782	16180	23475
Económicas	31801	32239	3787	35588
Dereito e Pol.	10000	18000	0	10000
Farmacia	2895	3014	0	2895
Filoloxía	10255	12622	0	10255
Filos. e Ps.	13713	13713	1995	15708
Física e Opt.	3449	3599	0	3449
Xeogr. e CCl.	17421	21333	4503	21924
Matemáticas	4925	5206	6000	10925
Medicina	17513	20830	2800	20313
Química	9264	9400	43000	52264
Veterinaria	5108	5108	0	5108
Politécnica	23674	26772	0	23674
CCs. e Humanidades	1848	2416	258	2106
EXB Lugo	1820	2545	0	1820
EXB Santiago	5321	6001	1500	6821
Empresariais	1607	1607	0	1607
Enfermería	2017	3914	0	2017

Agás as Bibliotecas da ES Politécnica, EU Empresariais, EU de EXB de Lugo e EU de Enfermería, tódalas Bibliotecas teñen algún sector dos seus fondos en acceso directo. A indicación de 0 consultas nos restantes casos indica que os bibliotecarios non fan estimacións de uso.

Dos 458.644 documentos consultados, 263.039 utilizaronse nas propias instalacións das bibliotecas (incremento do 17,69 sobre 1992).

Na BX consultáronse 13.090 documentos, baixando as consultas na sala xeral (1993: 5.564; 1992: 6.625), e na Hemeroteca (1993: 4.127; 1992: 4154),

o que se explica especialmente na última polo aumento das coleccións en acceso directo e a carencia de datos no uso destas coleccións. Sen embargo, segue a manterse a tendencia de anos anteriores de incremento de consultas na sala de investigadores (3.399 consultas; incremento do 24,68% respecto a 1992). Hai que resaltar que a BX ampliou a partir de abril o seu horario en sábados, pasando a ser de 10 a 19,30 h.

215.634 documentos consultáronse nas bibliotecas de Centros do Campus de Santiago (incremento do 15,51% sobre 1992), e 34.315 no Campus de Lugo (incremento 47,16% sobre 1992). Un desglose destes datos por cada biblioteca, pode verse no cadro anterior. A estas consultas habería que engadir 3.655 préstamos de obras ou reproducións de artigos de revista que circularon entre as diversas bibliotecas de Centros.

O servizo de **préstamo a domicilio** recibiu un total de 258.906 solicitudes, das que se serviron o 75,55%, 195.605 documentos.

A BX emprestou 28.757 libros, o que supón un incremento do 56,13% respecto a 1992. Este incremento basease na apertura dunha Sección de préstamo automatizada en acceso directo, que cubriu o 72,93% dos fondos emprestados. Estes datos confirman que a facilidade de acceso incrementa fortemente o uso.


As bibliotecas do Campus de Santiago emprestaron 132.318 libros. Hai que ter en conta que dende setembro a Novembro as bibliotecas do Campus Sur en proceso de automatización tiveron pechado este servizo, debido os labores previos de preparación dos fondos, e que algúns deles non recolleron datos estatísticos.

Nas bibliotecas do Campus de Lugo emprestáronse 34.530 libros, resaltando a carga de traballo neste servizo da Biblioteca da Escola Politécnica Superior, que ademáis conta con moi pouco persoal.

Un desglose destes datos por Centros pode verse no seguinte cadro:

	Fondos servidos	Solicitudes
BX	28757	32061
Biología	7934	11553
Económicas	10724	17082
Dereito e Pol.	1385	1750
Farmacia	6364	7413
Filología	34738	39427
Filos. e Ps.	15585	27074
Física e Opt.	6893	13933
Xeogr. e CCI.	15127	20610
Matemáticas	7270	11671
Medicina	5720	8332
Química	5868	5923
Veterinaria	7577	9756
Politécnica	14143	18371
CCs. e Humanidades	5570	6517
EXB Lugo	3908	5111
EXB Santiago	9590	12433
Empresariais	3332	3649
Enfermería	5120	6240

e no gráfico seguinte:



Tódalas bibliotecas da BUSC prestan servizos de **información bibliográfica e referencia**, aínda que a maioría carecen de persoal especificamente adicado a estes servizos. Por isto, non adoitan a ter datos estatísticos sobre as consultas, tipos, etc. Hai que resaltar, sen embargo, que a biblioteca Intercentros de Filosofía e CCE e Psicoloxía atendeu 3.121 consultas e a biblioteca da F. de Medicina 4.600.

O servizo de información bibliográfica e referencia da BX atendeu 4.829 consultas, das que 2.146 foron de referencia (funcionamento dos servizos, consultas sobre catálogos, etc.); 2.661 foron consultas bibliográficas, delas 1.115 sobre CD-ROMs, e 214 de acceso a bases de datos en liña, e as restantes tiveron que ser direccionadas a outros centros ou non foron satisfeitas. O 44,66% dos seus usuarios foron alumnos universitarios, 25,55% profesores e/ou investigadores que empregaron directamente o servizo, 6,94% bibliotecarios de bibliotecas de Centros, o 14,78% usuarios externos á

institución, o 3,64% outras institucións ou empresas, e os restantes diversos departamentos da BX para o desenvolvemento dos seus traballos.

Dentro da **formación de usuarios** hai que salientar moi diversas actividades por parte das bibliotecas, que están en función do seu estadio de desenvolvemento e do seu cadro de persoal.

A BX e as bibliotecas automatizadas no Campus Sur realizaron diversas demostracións do catálogo de acceso público en liña ós seus usuarios, e algunhas bibliotecas (Bioloxía, Filosofía e CCE e Psicoloxía, Física e Óptica, Medicina) realizaron cursos de formación sobre uso de bases de datos en CD-ROM, mentras outras (Matemáticas) elaboraron guías para o uso dalgunha destas bases. Prácticamente tódalas bibliotecas fixeron cursos dirixidos ós alumnos do primeiro ciclo sobre a utilización, recursos e servizos das bibliotecas, ou realizaron trípticos coa información básica sobre as mesmas.

O servizo de **préstamo interbibliotecario** realizase en 2 puntos dentro da BUSC: a BX e a biblioteca da Facultade de Medicina. Esta última atende ós seus propios usuarios, mentras a BX desenvolve o servizo para as restantes bibliotecas de Centros e para as Universidades de A Coruña e Vigo.


O servizo de préstamo interbibliotecario e fotodocumentación da BX realizou 14.628 transaccións de documentos, dos que 9.277 foron solicitados polos seus usuarios e 5.351 solicitudes feitas por outras bibliotecas españolas e extranxeiras.

Os 9.277 documentos solicitados a outras bibliotecas españolas e extranxeiras supoñen un incremento do 2,59 % respecto a 1992, apreciándose unha certa estabilización da demanda despois dos fortísimos incrementos nos anos anteriores. O 28,43% destas demandas corresponden ás Universidades de A Coruña e Vigo (1.198 e 1.440 solicitudes respectivamente).


Deste conxunto de documentos, 8.538 foron reproducións e 739 foron solicitudes de préstamo temporal de orixinais a outras bibliotecas. As bibliotecas prestatarias foron principalmente bibliotecas da rede Rebiun, do CSIC, a British Library, bibliotecas universitarias belgas, a Biblioteca Nacional de Francia e Canadá e outras bibliotecas francesas, alemanas e de Estados Unidos. Un especial impacto no acceso ó documento tivo o feito

producido neste ano de que a Library of Congress deixara de prestar este servizo a bibliotecas de fora do seu país.

En canto á procedencia destas solicitudes pódese observar nos gráficos incluídos a continuación a tendencia que se mantén nos últimos anos a que o número máis importante de solicitudes de reproducións proceda das Facultades de Farmacia e, nun grao menor de Bioloxía, incorporándose fortemente á Facultade de Veterinaria, e mantendo cifras considerables á Facultade de Filosofía e CCE. e Psicoloxía. En canto ós orixinais seguen a ser as bibliotecas de Filosofía e CCE. e Psicoloxía e Filoloxía as que manteñen o máximo número de solicitudes, produxose un aumento da demanda en Dereito e CC Políticas, aínda que os usuarios que se dirixen para este tipo de solicitudes directamente á BX son maioritarios, o que corresponde ás dificultades que conleva a obtención deste tipo de documentos.



Solicitudes de reproducións recibidas na BX



Solicitudes de orixinais recibidas na BX

Do conxunto de solicitudes poideron obterse 8.283 documentos, o que representa o 89,28% da demanda, estando a fins de ano pendente de obtención 317 documentos (normalmente solicitudes que se producen no mes de decembro). Das restantes 677 solicitudes non cubertas, o grupo maior garda relación con que os datos proporcionados polos usuarios son insuficientes ou erróneos, así coma o grupo de solicitudes que os usuarios que non desexan que as súas solicitudes se pidan a bibliotecas fora de España debido ós maiores custos cando a procedencia é do extranxeiro.


Seguese a mante-la tendencia ó incremento de solicitudes feitas a esta BUSC sendo 5.351 as recibidas en 1993 (44,15% de incremento respecto a 1992). O 11% destas solicitudes foron de bibliotecas extranxeiras, e cerca do 72% doutras Bibliotecas Universitarias de España. De estas solicitudes servíronse

4.602 (86%), non podendo servirse as restantes debido principalmente a ser fondos inexistentes na BUSC (439) ou a que a referencia bibliográfica proporcionada era incorrecta.

Ademáis destas solicitudes as bibliotecas de Centros proporcionaron 1.511 documentos das súas coleccións á Universidade de A Coruña e 1.212 á Universidade de Vigo.

Pola súa parte a Biblioteca de Medicina solicitou 5.341 documentos, dos que recibiu 5.178, e recibiu 3.168 solicitudes, podendo servir 2.840 documentos.

O gráfico seguinte indica os totais de solicitudes e documentos servidos nos dous puntos de préstamo interbibliotecario.



Dentro da rede Documat a Biblioteca de Matemáticas tamén realizou servizos de acceso ó documento para os seus usuarios e para as bibliotecas desta rede, recibindo un total de 50 documentos e servindo a outras bibliotecas da rede 170.

Coma un servicio de **difusión** dos seus fondos a BUSC realiza diversas exposicións ou colaborou nas organizadas por outras institucións e entidades. En 1993 foron as seguintes:

-Exposición sobre G. Melchor de Jovellanos, organizada polo Concello de Muros no mes de febreiro. A BX emprestou diversas edicións do autor.

-Exposición sobre Manuel Fernández Varela, organizada polo Concello da Pobra do Caramiñal no mes de abril. A BX emprestou diversas obras do autor.

-Exposición Xan Vicente Viqueira, organizada pola Facultade de Psicoloxía e a Biblioteca de Filosofía e CCE e Psicoloxía en febreiro-marzo. Editouse o correspondente catálogo.

-Exposición Eduardo Blanco-Amor, organizada en maio co gallo do Día das Letras Galegas pola BX. Colaboraron diversas institucións e persoas, entre ás que hai que salienta-las aportacións da Biblioteca da Diputación de Ourense. O Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago colaborou moi especialmente, tanto nos traballos preparatorios coma editando a bibliografía elaborada polo departamento de Galicia da BX.

-Exposición Santiago e América, organizada pola Xunta de Galicia de marzo a xuño de 1993. A BX emprestou diversas obras.

-Exposición Santiago camiño de Europa. Culto e cultura na Peregrinación a Compostela, de xullo a setembro. A BX emprestou diversas obras, entre elas o manuscrito coñecido coma Diurno de Fernando I.

-Exposición El Notariado, una necesidad de ayer y de hoy, organizada polo Arquivo Histórico e Universitario da Universidade de Santiago de Compostela en novembro-décembro. A BX emprestou diversas obras.

Tamén no ano 1993 se reeditaron algúns dos importantes fondos históricos que posúe esta BUSC, para o que foron emprestados os exemplares da BX.

Entre estes hai que salientar moi especialmente a edición facsímil realizada polo Servicio de Publicacións da Universidade das Festas Minervales y aclamación perpetua de las Musas, a la inmortal memoria del Ilustrísimo y Excelentísimo Señor D. Alonso de Fonseca. -- Santiago : Antonio Frayz, 1697.

A Cátedra de Medicina Preventiva e Saude Pública desta Universidade e o Consorcio de Santiago de Compostela realizaron unha edición da obra de José Villaamil y Castro, Reseña histórica de los Establecimientos de beneficencia

que hubo en Galicia..., que reproduce os exemplares da revista Galicia Histórica existentes na BX.

O Concello da Pobra do Caramiñal publicou a obra de Manuel Fernández Varela, Oración que a la inmortal memoria del Sr. D. Alonso de Fonseca..., sobre un exemplar de 1798 existente na BX.

INDICE

	Páxinas
-Marco xeral.....	1
-Presuposto.....	7
-Persoal.....	11
-Instalacións e equipamento.....	14
-Desenvolvemento das coleccións.....	15
-Organización e procesos técnicos.....	20
-Servicios.....	22

